



PRINCIPAIS NOVIDADES EN RELACIÓN COA RENDICIÓN DE CONTAS DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

FEBREIRO DE 2022

a) En relación co procedemento de rendición, publicidade e aprobación da Conta Xeral.

Ata o 31 de decembro de 2020 establecíase a obriga que, para considerarse válidamente rendidas as contas xerais debían estar aprobadas polo Pleno da Corporación.

En virtude da modificación efectuada pola disposición final décimo novena da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), **a partires do 1 de xaneiro de 2021, esíxese unicamente que a conta xeral tivera sido elevada ao Pleno da Corporación e que este a teña aprobado ou rexeitado, de conformidade co disposto no artigo 212.5 da TRLRFL, e posterior remisión ao órgano de control externo, neste caso, ao Consello de Contas de Galicia a través de:**
<https://rendiciondecuentas.es/Presentacion/home>

En consecuencia, a partires do 1 de xaneiro de 2021 o requisito para considerar válidamente rendidas a contas xeral non é a aprobación polo Pleno da Corporación, senón que esta tivera sido elevada ao Pleno da Corporación e que o citado Pleno a teña aprobado ou rexeitado.



b) Contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local

O 3 de agosto de 2021, publicouse a [Orden HAC/836/2021, de 9 de julio, por la que se aprueban las normas para la formulación de cuentas anuales consolidadas en el ámbito del sector público local](#), sendo de aplicación ás contas dos exercicios que se inicien a partires do 1 de xaneiro de 2022 para os concellos de máis de 50.000 habitantes e as demais entidades locais de ámbito superior (art. 211 TRLRFL), e a partires do 1 de xaneiro de 2024 para o resto das entidades locais.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022